

---

# Video dixital en SwL: OpenShot

**TEMA-01**

## **Introdución a OpenShot**



## Índice

Tema 1. Introducción a OpenShot.....	2
1. A edición de vídeo.....	2
2. Obxectivos.....	2
3. Introducción a Openshot.....	3
3.1. Por que traballamos con OpenShot?.....	3
4. As ferramentas de vídeo.....	4
5. Descargar Openshot.....	4
6. Os formatos de vídeo.....	4

## Tema 1. Introducción a OpenShot

### 1. A edición de vídeo

O manexo de vídeos precisa, habitualmente, varias **ferramentas** para levar a cabo as necesidades de traballo que nos poidan xurdir: reproducir películas, editar os nosos propios vídeos, gravar un DVD para ver na televisión...

Para todas estas necesidades, existen ferramentas de software libre que nos achegan solucións óptimas. OpenShot permítenos **crear presentacións multimedia** coas nosas imaxes, editar vídeos caseiros, crear anuncios, películas en liña...

Se utilizamos OpenShot podemos de xeito fácil e sinxelo traballar con noso alumado e poñer en práctica as posibilidades que nos ofrece este **editor de vídeo** como combinar múltiples videoclips, son e imaxes nun só proxecto e logo exportar o vídeo resultante a varios dos formatos de vídeo máis comúns.

### 2. Obxectivos

Os obxectivos deste curso son:

- Familiarizar ao alumnado cos **conceptos básicos de edición de vídeo** (formatos, creación e manipulación) para que adquiera competencias básicas á hora de enfrentarse a este tipo de tarefas.
- Desenvolver **habilidades xerais** no uso de ferramentas de edición de vídeo.
- Aprender a utilizar as **ferramentas básicas** que ofrece o software OpenShot para a edición de vídeo.

- Adquirir **coñecementos básicos** sobre os formatos de vídeo, a edición e a montaxe de vídeo para a creación de contidos multimedia.

### 3. Introducción a Openshot

OpenShot Vídeo Editor é un programa deseñado para **crear e editar** vídeos.

Podes usar OpenShot para crear presentacións multimedia coas túas imaxes, editar vídeos caseiros, crear anuncios de televisión, videoclips, películas en liña...

Este programa combina múltiples secuencias de vídeo, son e imaxes nun só proxecto e logo exporta o vídeo resultante a varios dos formatos máis comúns.

Engade facilmente subtítulos, transicións e efectos; permite exportar a película en DVD, YouTube, Vimeo, Xbox 360, e moitos outros formatos comúns.

#### 3.1. Por que traballamos con OpenShot?

Como imos ver ao longo do curso, OpenShot posúe certas **características** que fan desta ferramenta un importante recurso para a edición de vídeo dixital. Destacamos, especialmente:

- É moi **sinxelo de utilizar** e permite obter uns óptimos resultados na gravación e edición de vídeo.
- **Soporta moitos formatos** de vídeo, audio e imaxe.
- Permite **exportar o noso traballo a diversos formatos** de vídeo.
- Ofrécenos a posibilidade de **previsualizar como vai quedando o noso vídeo** sen ter que exportalo previamente.
- Pode **obterse de forma gratuíta** de xeito completamente **legal**.

### 4. As ferramentas de vídeo

O manexo de vídeos precisa, habitualmente, varias ferramentas para levar a cabo as necesidades de traballo que nos poidan xurdir: reproducir películas, editar os nosos propios vídeos, gravar un DVD para ver na televisión...

Para todas estas necesidades, existen **ferramentas de software libre** que nos achegan solucións óptimas.

### 5. Descargar Openshot

OpenShot é un editor de vídeo libre de fonte aberta para Linux. Isto significa que podemos descargalo de forma gratuíta pero só pode ser instalado nun sistema operativo Linux.

Para instalar Openshot, debemos ir á súa páxina oficial:

<http://www.openshot.org/download/>



So you want to download and install OpenShot? You've come to the right place!

### 6. Os formatos de vídeo

Cando gravamos un vídeo coa nosa cámara dixital, este almacénase nun formato determinado pola propia cámara, como, por exemplo, **MOV**. Se descargamos un vídeo de **YouTube**, farémolo noutro formato, normalmente **FLV**. O noso móbil grava noutro diferente, como pode ser **3GP**. E, se queremos pasar a **DVD** algún destes, teremos que convertelo a outro formato máis (**MPEG-2**). A variedade de formatos dixitais de vídeo dispoñibles é ampla.

OpenShot é capaz de traballar coa maioría dos formatos de audio, vídeo e imaxe máis coñecidos:

- **Mov:** Este formato foi creado por Apple e úsase, por exemplo, en iTunes.
- **Avi:** É un contedor que pode incluír distintos formatos, habitualmente MP4 para vídeo e Mp3 para audio.
- **MPEG:** É un estándar para a compresión de vídeo e audio. Existen diferentes versións, por exemplo, **MPEG-2** é o que levan os DVD.
- **FLV:** é un dos máis populares debido a Youtube. Desenvolvido por Macromedia, Fly é un formato moi apropiado para o streaming.
- **WMV/WMA:** É un formato propiedade de Microsoft para audio e vídeo. É moi habitual en plataformas Windows.
- **WebM:** Contedor de vídeo desenvolvido por Google e pensado para o uso coa nova linguxe web HTML5. É un proxecto de software libre.

Para ver os vídeos no computador, non só é necesario ter instalado o software de reprodución adecuado. Cada formato ten o seu **códec** correspondente que temos que ter instalado para que o reprodutor poida mostrar o vídeo. O códec é o que permite codificar e decodificar os distintos formatos de vídeo para visualizalos no reprodutor.

Por exemplo, para poder ver os vídeos de YouTube debemos ter instalado os códec Adobe Flash Player no noso ordenador. O **streaming** consiste nun fluxo continuo de datos (audio e vídeo) a través de Internet, por exemplo, cando vemos a televisión a través da web, como en CRTVG.es, estamos recibindo un streaming.

